

Estimadas familias:

De acordo co establecido na lexislación vixente van ter lugar **eleccións** para representantes das nais e pais no **Consello Escolar**. Xa sabedes que a través do Consello Escolar as familias participan no goberno dos centros, por este motivo estas eleccións son tan importantes.

### Instrucións para participar nas eleccións:

- **Poden votar** todas as nais e pais (os dous) ou titores/as legais do alumnado matriculado no centro.
- **Son elixibles** todas as nais, pais ou titores/as legais, para o cal cómpre que se presenten como candidatos/as.
- Tanto para votar como para presentar a candidatura é preciso estar inscrito no **censo electoral**. O censo estará publicado no taboleiro situado en fronte da secretaría (pódense presentar reclamacións na secretaría do instituto no prazo fixado).
- Nesta ocasión **élíxese 1 representante das nais e pais**, e outro escollido pola ANPA.
- O voto será **secreto, directo e non delegable**, igual que sucede, por exemplo, nas eleccións municipais ou autonómicas.
- Para votar, cómpre **acudir ao centro e identificarse mediante o DNI** ou outro documento identificativo equivalente.
- Pódese votar por un máximo de 1 nome.

### Datas e prazos das eleccións:

Mércores 3 a venres 12 de novembro (ata as 14 h)	<input type="checkbox"/> Publicación provisional dos <b>censo</b> s dos sectores educativos citados. <input type="checkbox"/> Prazo de presentacións de <b>reclamacións ao censo</b> , que rematará o venres 12 de novembro ás 14:00 h. Presentaranse na secretaría do centro dirixidas á Xunta Electoral. <input type="checkbox"/> Prazo de <b>presentación de candidaturas</b> . Presentaranse por escrito na secretaría do centro en formulario disposto a ese efecto.
Xoves 18 de novembro	<input type="checkbox"/> Proclamación e publicación de candidaturas. Apertura do prazo de <b>reclamacións</b> , que é de 2 días naturais. <input type="checkbox"/> Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. <input type="checkbox"/> Sorteio público da designación dos <b>membros das mesas electorais</b> .
Venres 19 a martes 23 de novembro	<input type="checkbox"/> <b>Campaña electoral</b> nos diferentes sectores.
<b>Mércores 24 de novembro</b>	<input type="checkbox"/> Realización das <b>VOTACIÓNS</b> : -Nais, pais e titores legais, de 11 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h.
Luns 29 de novembro	<input type="checkbox"/> Proclamación de candidatos/as electos.